

PROXECTO PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE MARIÑA NO ÁMBITO TERRITORIAL DA COFRADÍA DE PESCADORES SAN MARTÍN DE MOAÑA (PE209C-2016F-026)

Este proxecto esta financiado polo FEMP, para a realización de proxectos colectivos que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña.

Obxectivo

Os obxectivos principais deste proxecto eran a protección e recuperación da biodiversidade mariña no ámbito territorial da Confraría, o asesoramento técnico para unha xestión responsable e sostible dos recursos e hábitats costeiros do ámbito territorial da confraría, a vixilancia e control do acceso aos recursos mariños e o fomento a sensibilización ambiental.

Actividades executadas:

- a) Xestión e seguimento dos recursos mariños vivos nas zonas de produción.
- b) Formación profesional e formación permanente do persoal e asociados da entidade.
- c) Conservación, protección e sustentabilidade da explotación do recursos mariños.

Resultados:

- Elaboración e seguimento dos plans de co-xestión de recursos mariños vivos.
- Avaliación do estado de conservación e da biodiversidade nos paraxes de Natura 2000 nas zonas mariñas. Se obtiveron datos de biodiversidade a nivel de especies, a nivel de hábitats e a nivel de ecosistema. A partir dos datos das mostraxes semestrais realizados nos bancos intermareais, que se procesan mediante a ferramenta Arousa.
- Cartografiado da totalidade dos bancos marisqueiros nos que participan os mariscadores (web Sigremar).
- Descrición da calidade dos sustratos, niveles de protección dos bancos incluídos nos plans, presenza de especies conspicuas.. (información colgada en la plataforma da FTP).
- A asistencia técnica impartiu charlas sobre a Directiva Marco de Estratexia Mariña o sector para aumentar a sensibilidade ambiental.